



TITULARES

Ingredientes:

- Póster "Escándalo Diario".

Elaboración:

- Dividir a clase en varios grupos. Mostrar o poster e ler o contido do artigo.
- Facer fincapé na última frase: Poderá aguantar esta presión o noso planeta? e reflexionar:
 - A que presión creedes que se refire a pregunta?, Que presións está sufrindo o noso planeta?
 - Esas toneladas de alimentos que tiramos ao lixo teñen un impacto negativo sobre o medio ambiente: por que?
- Nunha segunda fase, deberán pensar un novo titular para o artigo, reflectindo a idea principal extraída da actividade "Cadea de Despilfarro"
- Para redactar o voso titular, hai varios puntos que debes ter en conta:
 - Debemos ter moi claro que queremos transmitir: anotar as palabras clave que queremos incluír no noso titular.
 - Un titular debe recoller en poucas palabras unha mensaxe moi clara.
 - Un titular debe chamar a atención do que o le para que este continúe lendo o artigo.

Sobremesa:

- Cando todos os grupos teñen os seus titulares, apúntanse no encerado e unha persoa de cada grupo vai explicando o seu titular, comentando as razóns que levaron á súa redacción.
- Unha vez que todos os titulares están terminados, poden utilizarse de inspiración á hora de enfocar clipmetraxes, (título, base para a redacción do guión, etc.)